

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
13 DE FEBREIRO DE 2004**

CONCORRENTES

Presidente:

Don Juan Antonio Maceiras Barros (CIM)

Concelleiros

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado (BNG)

Don Juan José Herva Mallo (PP)

Don José María Laya Carril (CIM)

Dona M^a Rosario Manso López (CIM)

Don Antonio Medín Pena (PP)

Don José Paz Tenreiro (PP)

Don Manuel José Pérez Martínez(PP)

Don Luis Purriños Pena (CIM)

Don José Manuel Rodríguez Vidal (CIM)

Don Jesús Veiga Sabín (PP)

Dona Eva María Vilariño González (CIM)

Secretario:

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás vinte horas do día trece de febreiro de dous mil catro, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, réunese o Pleno deste Concello, en sesión pública ordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten os concelleiros seguintes: don Miguel Anxo Abreira Sobrado, don Juan José Herva Mallo, don José María Laya Carril, dona María Rosario Manso López, don Antonio Medín Pena, don José Paz Tenreiro, don Manuel José Pérez Martínez, don Luis Purriños Pena, don José Manuel Rodríguez Vidal, don Jesús Veiga Sabín e dona Eva María Vilariño González.

Non asiste á sesión o concelleiro titular don Antonio Rodríguez Cortizas.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Aberta a sesión pola Presidencia e non habendo observacións á acta da sesión anterior, correspondente ao día 27 de decembro de 2003, queda aprobada por unanimidade.

2.- RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA.- Dáse conta e quedan informados das resolucións dictadas pola Alcaldía desde a última sesión ordinaria núms. 235/03 e 63/04, ambas as dúas incluídas, relativas a sancións de tráfico, requirimentos derrubamento de muros e retirada de escombros de camiño, desestimar reclamacións opositoras a prazas de gardas da Policía local, prórroga de contrato da auxiliar de Servizos Sociais e da mestra do programa aula cultural para maiores e graduado en secundaria, nomeamento do tribunal para prazas, substitucións en ausencias de interventor e tesoureiro, transferencias de crédito núm. 1/2003, prórroga do Orzamento do exercicio 2003, autorizar tenencia de armas de aire comprimido, constitución da Xunta de Goberno Local, estimar reclamación ao padrón de recollida do lixo, presentación como parte en recurso contencioso-administrativo, autorizar festexos populares, suspender o recheo de predio, solicitar informe técnico e xurídico de doazón de predio, incoar expediente sancionador por realizar obras excedéndose das concedidas na licenza, aplicar incremento IPC en contratos, iniciar procedemento para contratar dous operarios laborais, requirir limpeza de predios, incorporación de remanentes, presentación como parte no recurso contencioso-administrativo e decreto de gastos núm. 13/03.

3.- DAR CONTA DO CAMBIO DE VOCEIRO DA CIM.- De conformidade co que dispoñen os artigos 24 e 25 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e mediante escrito debidamente asinado por todos os compoñentes da Candidatura Independente de Miño, comunican o cambio de

voceiro da agrupación, e nomean a dona Eva María Vilariño González, do cal quedan informados.

4.- CONTRATO DOS TRABALLOS DE CONSERVACIÓN DO CATASTRO.-

Dada conta do reparo de Intervención ao acordo da Comisión de Goberno do día 2-12-2003, polo que se actualizou o prezo do contrato con don Francisco Ron Ron polos traballos de actualización do Catastro urbano, establecéndoo en 36,07 euros máis o IVE por cada unidade catastral dada de alta.

Vistos os informes de Intervención, do asesor xurídico co conforme do secretario e estimando a posibilidade de validar o acordo da Comisión de Goberno do 2-12-2003, resolvendo sobre o reparo sinalado no informe de Intervención, o Pleno do Concello acorda por unanimidade:

1º.- Validar o acordo da Comisión de Goberno do 2-12-2203, no sentido de que en lugar de actualizar o prezo do contrato, enténdese adxudicado un novo contrato a don Francisco Ron Ron, mediante procedemento negociado sen publicidade, para a conservación do Catastro de urbana, polo prezo e condicións fixadas no dito acordo, fixándose un prazo de duración dun ano, prorrogable tacitamente por iguais períodos, ata un máximo de catro anos (art. 118 TRLCAP), establecéndose en todo caso que as cantidades que se lle poidan aboar ao adxudicatario en cada ano, non poderán superar en conxunto, o límite máximo de 30.050,61 euros (IVE incluído) (art. 210.h do TRLCAP).

2º.- Facultar o Sr. alcalde para a formalización do correspondente contrato.

5.- ACEPTACIÓN DE DOAZÓN DE PREDIO.- Examinado o procedemento incoado para a aceptación dun predio de forma gratuíta para que se instale unha marquesiña de servizo público en Fondal-Perbes, que ofrece dona VIRTUDES TENREIRO CASTRO.

Estando conforme o procedemento en base ao que dispoñen os artigos 273 da Lei 5/97 da Administración local de Galicia, 9 e 12.2 do Regulamento de bens das entidades locais, de conformidade coa proposta da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, o Pleno do Concello acorda por unanimidade.

1º.- Aceptar a doazón que lle fai a este Concello a veciña de Fondal, 67, parroquia de Perbes neste termo municipal dona VIRTUDES TENREIRO CASTRO, dun predio situado en Fondal-Perbes deste termo municipal, cunha superficie segundo recente medición de 91 m², que linda ao norte con herdeiros de Cristina Novoa, ao sur coa estrada de Perbes a Campolongo, ao leste coa vivenda de José Infante e ao oeste coa estrada provincial e pista municipal, valorada en 2.300,82 euros.

2º.- Facultar o Sr. alcalde-presidente para que en nome e representación do Concello, subscriba e asine a escritura pública correspondente.

6.- PROXECTO SINGULAR “ACCESO Á BANDA ANCHA”.- O Pleno do Concello acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar, xunto cos concellos das comarcas de Betanzos e Terra de Melide (excepto Toques), a presentación do proxecto “ACCESO Á BANDA ANCHA” no programa de “Proxectos Singulares” proposto pola Deputación da Coruña.

2º.- En cada unha das entidades de poboación que se elixan (este Concello propón Miño), ceder, habilitar e manter un local axeitado e aberto ao público, para a colocación dos ordenadores para a súa utilización polos cidadáns.

3º.- Facilitar información e autorizacións para a rápida instalación dos equipos informáticos e de comunicación necesarios.

4º.- Garantir o subministro de electricidade, limpeza, seguridade e calefacción nos ditos locais.

5º.- Subscribir as pólizas de riscos necesarias.

6º.- Aceptar, cubrir e remitir ao coordinador da Deputación da memoria de actividades de forma anual.

7º.- Garantir o bo uso do equipamento e que, cando menos un dos equipos instalados sexa dedicado preferentemente aos servizos de administración electrónica.

8º.- Identificar unha persoa responsable de habilitar o acceso aos centros elixidos.

9º.- Aceptación e disposición visible nos centros das normas de uso e funcionamento do centro.

10.- Compromiso de asinar convenio con algunhas das operadoras de telefonía móbil TVGA etc. para a situación das torres necesarias co fin de cubrir todo o territorio e poder colocar os repetidores WIFI nas ditas torres, sen custo para o Concello.

11.- Compromiso de cofinanciación de cando menos o 15% do custe total do proxecto (repartindo este 15% segundo o criterio que ten a Deputación para a cofinanciación dos plan provinciais) en caso de que a Deputación non elixa este.

7.- REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS.- Co fin de coñecer o número de entidades existentes no municipio, os seus fins e representatividade, para efectos de realizar unha correcta política de subvencións, o Pleno do Concello acorda por unanimidade, abrir o Rexistro municipal de asociacións veciñais, no que haberán de inscribirse todas as que desexen obter algunha subvención municipal.

8.- REVISIÓN DE PREZOS DOS SERVIZOS DE AUGA E SANEAMENTO.- Este Concello ten adxudicado á empresa Espina e Delfín, a xestión dos servizos de auga e saneamento, e establecéndose no contrato que a revisión de prezos se realizará en función do IPC da Comunidade Autónoma.

Visto o escrito da empresa adxudicataria e considerando que o incremento do IPC na Comunidade Autónoma de Galicia é de 2,3%, como xustifica coa certificación unida do Instituto Nacional de Estatística.

De conformidade coa proposta da Comisión Informativa de Asuntos Xerais; o Pleno do Concello acorda por unanimidade aprobar o incremento solicitado no prezo da xestión integral dos servizos de auga e saneamento durante o exercicio de 2004, que supón o 2,3 % de aumento.

9.- MOCIÓNS.- O voceiro do grupo popular Sr. Veiga Sabín pide a palabra e dá lectura ao seguinte:

1.- Dado que dende fai varios anos as Asociacións de Veciños dalgunhas parroquias veñen organizando festivais de Entroido consistentes en bailes infantís e de maiores, ademais doutras actividades propias desta festa, propoñemos: Que as Sociedades das parroquias que organicen estas actividades reciban unha subvención do Concello por importe de 600 euros.

Aprobada a urxencia por unanimidade, a Presidencia sinala que unha vez que estea en marcha o Rexistro de asociacións concederanse as subvencións que proceda e a concelleira Sra. Vilariño González indica que o Concello vai publicar unhas bases para a concesión de subvencións.

2.- O mesmo voceiro dá lectura ao seguinte: Propoñemos que o Grupo de Goberno faga as xestións oportunas para que se executen á maior brevedade tódalas obras, aprobadas e contratadas polo anterior Goberno Municipal, como son, entre outras:

Edificio Social en Ponte do Porco.

Área de Recreo en Lago (Perbes).

Abastecemento de auga na Ponte Baixoi.

Aglomerado de dous camiños en Bañobre.

Saneamento en Bañobre.

Beirarrúas, alumeadado público e saneamento no lugar de A Barrosa.

Aglomerado e pintado de aparcamento fronte ó edificio do Crisol das Rías.

Apertura do camiño da "Ribeira", en Bemantes.

Apertura do camiño de Carantoña a Coído.

Área de Recreo en Fonte da Leira (Perbes).

Aglomerado de camiño en Sombreu. " Acceso ó miradoiro".

Declarada a urxencia por unanimidade, acórdase realizar as xestións procedentes.

3.- Continúa o Sr. Veiga Sabín e dá lectura ao seguinte: "Propoñemos que o Grupo de Goberno proceda á maior brevedade á creación de Bibliotecas nos Locais Sociais de Calobre, Bañobre e Vilanova, aprobadas polo anterior Goberno Municipal e subvencionadas pola Deputación Provincial.

Declárase a urxencia por unanimidade e éntrase a debater, sinalando a Presidencia que descoñece se hai algunha subvención da Deputación e o Concello non recibiu ningunha comunicación para o efecto. Estima que as bibliotecas por parroquias non é o máis útil, xa que é moito mellor ter unha ben dotada e que os libros se poidan repartir polas parroquias, non obstante se se nos concede algunha subvención, teña seguro que a colleremos e repartiremos os libros polas parroquias. O concelleiro Sr. Abraira Sobrado indica que se é algunha subvención pendente e temos comunicación oficial, collerémola e repartirase polas parroquias segundo se sinala na concesión. Replica o Sr. Veiga Sabín, di, diríxome ao Sr. alcalde, é unha subvención pendente e solicitouse para repartir os libros, continúa, na miña parroquia a biblioteca funciona ben e os veciños agradecen estes servizos. O Sr. Abraira contesta que é unha moción ao Pleno e non se dirixe ao Sr. alcalde senón ao Pleno, insistindo que ao seu xuízo é mellor unha biblioteca ben dotada que non oito mal dotadas. O Sr. Veiga indica que a Deputación envía diñeiro, non libros.

- O voceiro do BNG Sr. Abraira dá lectura á seguinte moción: A violencia sexual, nas súas múltiples formas, é unha lacra social e política que sofren as mulleres, que ten a súa orixe nun sistema de relacións sociais, políticas e económicas desiguais e inxustas que discriminan, marxinan e agraden ás mulleres, e que xustifica que haxa homes que se crean no dereito de utilizar, abusar, violentar e mesmo asasinar a mulleres.

Esta situación é aínda máis grave e alarmante cando o delinciente é un cargo público ao fronte dun concello, condenado por abusos sexuais a unha menor que contou coa complicidade do seu partido e mesmo do Presidente do Goberno Galego.

Ningún delito de violencia ou agresión sexual é un problema menor. A violencia de xénero é un problema de Estado, non unha menudencia. Son cargos públicos como o Presidente da Xunta os que non están á altura das circunstancias e coas súas declaracións e posicións públicas ofenden e denigran á totalidade das mulleres, desprestixan ás institucións que representan, e dan cobertura aos agresores.

Todo isto é unha boa mostra de que iniciativas e medidas que se lanzan dende gobernos do P.P. son papel mollado e mera propaganda, cando en nada mudan as actitudes e posición públicas dos seus responsabeis.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1.- Por responsabilidade e dignidade política exiximos a dimisión do Alcalde de Toques, e a rectificación pública do Presidente da Xunta.

2.- Enviar o presente acordo ao Concello de Toques e á Presidencia da Xunta de Galiza.

Declarada a urxencia por unanimidade da Corporación, éntrase a debater esta. A Presidencia sinala que independentemente de que se vote a condena, o propio Pleno do Parlamento xa expresou a súa repulsa e o Sr. presidente expresou as súas desculpas, polo que entende non procede esixirle ningunha responsabilidade, reiteramos a nosa repulsa a estes actos e votaremos a favor da dimisión do alcalde de Toques. O Sr. Veiga exprésase no mesmo sentido que a Presidencia e o Sr. Abraira que presenta a moción está de acordo e retira o do presidente da Xunta polo que o Pleno do Concello aproba por unanimidade a moción co seguinte texto:

1.- Por responsabilidade e dignidade política esiximos a dimisión do alcalde de Toques.

2.- Enviar o presente acordo ao Concello de Toques.

Antes de entrar no punto de rogos e preguntas o Pleno do Concello acorda por unanimidade a urxencia dos seguintes asuntos que se entran a debater e votar.

10.- NOME DE VÍA PÚBLICA.- Durante máis de corenta anos exerceu o seu meritorio labor como párroco de Perbes neste municipio de Miño don JOSÉ RODRÍGUEZ ANTÓN, falecido hai máis de 25 anos e que precisamente neste ano se cumpren os cen anos desde o seu nacemento.

Todos temos noticias do seu destacado labor durante o tempo que exerceu o seu ministerio sacerdotal e as súas virtudes humanas, caritativo cos necesitados, xeneroso sempre, en definitiva, unha boa persoa que se fixo acredor a que unha rúa da parroquia na que tanto traballou leve o seu nome.

O Pleno do Concello acorda por unanimidade a proposta da Comisión Informativa de Asuntos Xerais que a rúa desde a Avda. da Excma. Sra. Dona María del Carmen Estévez, ata o cruzamento co camiño da estrada provincial aos Currás en Fondal-Perbes, leve o nome do párroco don José Rodríguez Antón.

11.- CONVENIO COA CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO.- Examinado o proxecto de colaboración entre a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e este Concello de Miño, para levar a cabo o ACONDICIONAMENTO E EQUIPAMENTO DO LOCAL SITUADO NO LUGAR DE RABAZAL, para dedicalo a escola infantil no Concello de Miño (A Coruña), para o cal a Consellería achegará a cantidade de sesenta mil (60.000,00) euros en concepto de axuda con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.212D.760.0 dos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2004.

O Pleno do Concello acorda por unanimidade aprobar o convenio agradecendo a axuda concedida, e faculta o Sr. alcalde-presidente para a sinatura do dito convenio.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.- O concelleiro Sr. Abraira Sobrado roga dirixirse a Antonio Cortizas en nome do Pleno do Concello de Miño, para desexarlle unha pronta e total recuperación da súa operación. A Presidencia manifesta que así o fará.

- O mesmo concelleiro presenta os seguintes rogos: Que se proceda a colocación das placas das ruas que trocaron os nomes e se proceda a facer unha nova numeración de edificios.

- Facer un estudio técnico dos motivos polos que nos meses de verán se producen malos olores procedentes de sumidoiros na rua Real, para proceder si é posíbel con posterioridade a subsanación dos defectos destas instalacións.

-O Sr. Veiga Sabín, voceiro do PP, fai as seguintes preguntas:

1.- ¿Cal é o custe de redacción dos proxectos presentados polo actual Grupo de Goberno sobre as modificacións que pretende facer no Municipio, e que figuran expostos nesta sala? A Presidencia contesta que do vial 1,5 millóns de pta., 9.000 euros, o custe da redacción do proxecto.

2.- Temos entendido que encargou vostede a confección dunha maqueta de todo o Municipio, ¿Cal é o obxectivo? ¿Canto nos vai custar? O Sr. alcalde contesta que a vai financiar Agader.

3.- ¿Canto custou o alumeado ornamental de Nadal? A Presidencia contesta que uns 12.000,00 euros e o material é do Concello.

4.- O pasado día 5 de decembro, o Presidente do Consello de Estado, o Sr. Romay Beccaría visita o Concello de Miño. A este acto non foi invitada a Corporación, pois, según vostede dixo era unha visita non oficial, dun amigo. Ante a nosa sorpresa, e na relación de gastos que figura para dar conta na Orde do Día deste Pleno, aparece unha factura por importe de 1.037,90 euros, dun coñecido restaurante de fóra deste

Concello, en concepto de “comida co Sr. Romay”. ¿Era ou non era unha visita oficial?, Se foi un almuerzo de amigos ¿por que o ten que pagar o Concello? Contéstalle o Sr. alcalde que o Sr. Romay veu en visita non oficial e polo cargo que presenta, o Concello ten que ter a delicadeza de ofrecerlle cando menos unha comida. Replica o Sr. Veiga indicando que a Corporación debería estar invitada a estes actos. Contesta a Presidencia que anteriormente viñeron outras autoridades e non sempre foron todos invitados.

5.- No anterior Pleno Ordinario do día 15 de Decembro, este Grupo Municipal do PP facíalle a vostede unha pregunta sobre a xustificación das dietas de desprazamento percibidas polas concelleiras D^a. Eva Vilariño e D^a. Rosario Manso por importe de 1.365 e 793 euros, respectivamente; pregunta que non foi respondida polo Sr. Alcalde.

Pero observamos que na relación de gastos que se dá conta neste Pleno, volven a figurar estas dúas Concelleiras cunhas cantidades aínda maiores, concretamente 1.413,48 Euros D^a Eva Vilariño, e 1.642,64 Euros D^a Rosario Manso, polo que volvemos a repeti-la pregunta. ¿ A que desprazamentos corresponden estas cantidades que máis parecen dous salarios encubertos? A Presidencia contesta que foi a asistencia a un congreso de Medio Ambiente ao que asistiron e os gastos cumpren escrupulosamente coa legalidade.

6.- Dende o mes de Decembro todos puidemos observar unha gran carpa, co nome do Concello, que foi instalada en distintos lugares para albergar varias actividades. Tendo en conta que a cantidade presupostada para esta carpa (30.000 euros) foi recollida no orzamento do 2004, que aínda non entrou en vigor; ¿Quen subministrou esta carpa? ¿Que procedemento de contratación se seguiu para a súa adquisición? O Sr. alcalde contesta que a carpa non está adquirida, propúxose adquirir unha carpa esa ou outra calquera, neste momento o propietario é quen a construíu e a está prestando gratuitamente ao Concello, estamos facendo as cousas coa maior limpeza e por suposto cumprindo sempre coa legalidade, se se pensa adquirir a carpa, anunciarase a concurso público. Replica o Sr. Sabín indicando que ten dereito a pedir explicacións por ser concelleiro. O Sr. alcalde insiste en que nin se encargou nin se adquiriu a carpa, cando se faga poderá dicir o que queira.

7.- ¿Con que cantidade contribúe o Concello para as Festas de Entroido na Vila de Miño, organizadas pola Sociedade “O’Castro”? A concelleira Sra. Vilariño González contesta que uns seis ou sete mil euros.

A Presidencia levanta a sesión ás vinte horas e corenta e cinco minutos, redactándose a presente acta, de todo o cal, eu o secretario dou fe.

O presidente,

O secretario,